



LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación e ante o Alcalde en relación coa construción dun campo de adestramento na Fieiteira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG de Ribeira leva tempo preocupándose e facéndose eco das demandas dos clubs deportivos e dos usuarios e usuarias das instalacións deportivas do noso concello.

Unha das máis reiteradas é a carencia de espazos que teñen os clubs de fútbol para adestrar. Son varias as entidades deportivas que utilizan o campo de herba sintética da Fieiteira chegando a ter que compartir un espazo reducido entre varias dúcias de rapaces e rapazas que fan exercicio físico.

No recinto do campo de céspede artificial da Fieiteira, hai unha parte, pola zona leste, que está sen arranxar. Esta superficie semella suficiente para poder facer un pequeno campo de adestramento que “alivie” o campo principal. Asemade podería ser utilizado para practicar outras disciplinas deportivas.

Por outra banda as gradas que se construíron para dar servizo ao campo de herba artificial non son útiles, xa que ademais do seu reducido tamaño os días de chuvia non abrigan aos espectadores.

Tamén se deberían abordar cuestións de mantemento como son a mellora da limpeza do entorno e o arranxo definitivo do sistema de iluminación.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

ACORDO:

- 1º) Que o concello de Ribeira **constrúa un campo de adestramento a carón do actual campo de céspede artificial** que hai na Fieiteira.
- 2º) Que o concello de Ribeira acometa as obras necesarias para dotar ao campo de herba sintético da Fieiteira **das gradas adecuadas, que arranxe o sistema de iluminación e que mellora e de limpeza do entorno**.

En Ribeira a 10 de Novembro de 2010

Asdo.: Luís Teira Parada
Concelleiro do BNG de Ribeira